

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO TÉCNICO.

1.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a provisión, mediante o sistema de **concurso**, en réxime de dereito laboral temporal, de un posto de traballo de **arquitecto técnico**, en réxime laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade de contrato de interinidade, vista a vacancia dun posto de traballo por xubilación do titular, cuxa praza está configurada como laboral fixo na relación de postos de traballo municipal. A selección farase de forma urxente, vista a necesidade de contar entre o persoal municipal dun técnico destas características.

2.- Tipo de contrato e duración

O contrato laboral que se formalizará coa persoa seleccionada, será de **duración determinada**, a **tempo completo**, baixo a **modalidade de contrato de interinidade**, segundo o artigo 4 do Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15.1.a) do Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores (TRET).

O dito artigo 4 do Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro sinala que o contrato de interinidade poderase celebrar para cubrir temporalmente un posto de traballo en tanto non se realice o proceso selectivo que se realice para a cobertura definitiva do posto vacante.

Na memoria xustificativa desta contratación, de data de 13/07/2015 queda acreditada a excepcionalidade deste suposto xa que se pretende cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

3.- Normativa aplicable ao procedemento de selección

Ao presente concurso seralle de aplicación o previsto no EBEP (Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia (TRLFPG)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAP e PAC)
- Restante normativa vixente na materia.

4.- Características do posto de traballo

- Número de postos de traballo: UN (1)
- Clase: persoal laboral temporal.
- Nivel de titulación mínimo esixido: título de arquitecto técnico ou equivalente.
- Denominación do posto: Arquitecto técnico
- Funcións:

- o Informes técnicos en relación a licenzas de obra e actividade da súa competencia como arquitecto técnico.
 - o Informes técnicos e seguemento das comunicacións previas e declaracións responsables no ámbito urbanístico e medioambiental.
 - o Redacción de proxectos de obra da súa competencia como arquitecto técnico.
 - o Dirección de obra da súa competencia como arquitecto técnico.
 - o En xeral, asesoramento urbanístico e informe no departamento de urbanismo municipal dentro das súas competencias como arquitecto técnico.
- Xornada: xornada completa
 - Nivel de galego: Celga 4 ou validación ao mesmo nivel, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (DOG núm. 146 de 30/07/2007)
 - Retribucións: 1.817,92 € brutos/mes e dúas pagas extra de 1.558,32 € brutos.

5.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos mínimos, en aplicación do artigo 56 do EBEP, na data de expiración do prazo de presentación de instancias:

- A) Ter cumpridos os dezaséis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- B) Ser español/aou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.
- C) Estar en posesión, ou en condición de obtelona data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Arquitecto técnico ou equivalente.
- D) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas a oposto de traballo
- E) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- F) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co dispostona Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6.- Publicidade da convocatoria e das Bases

Dada a urxencia da provisión deste posto de traballo, obxecto das presentes bases, procederáse á publicación da Convocatoria e das bases no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na páxina web do Concello de Coristanco <http://www.concellocoristanco.es/>, na sede electrónica municipal, así como anuncio nun dos diarios de maior difusión da provincia.

7.- Presentación de instancias

7.1.- Para tomar parte no procedemento de selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao alcalde-presidente, conforme ao modelo que consta no Anexo I das presentes Bases.

7.2.- O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte a aquel en que se produza a publicación do anuncio no xornal.

7.3.- Lugar e forma de presentación: As instancias serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, sito na Avda. Finisterre, 112 San Roque, Traba, 15147- Coristanco; ou na forma prevista no artigo 38.4 da LRXAP e PAC. As persoas que presenten a instancia para participar na forma prevista no artigo 38.4 da LRXAP e PAC deberán facer saber esta circunstancia ao concello mediante o envío por telefax (981 73 33 97) da instancia debidamente selada na oficina correspondente, e sempre antes do remate do prazo de presentación de instancias. De non cumprimentar este requisito, a instancia será inadmitida se ten entrada no Concello con posterioridade ao remate do prazo para presentación de instancias.

7.4.- Os aspirantes que teñan algunha discapacidade deberano indicar na instancia, solicitando, de ser necesario, as posibles adaptacións de tempo e medios para realizar as probas selectivas.

7.5.- Documentación que debe acompañar á instancia:

- A) Copia cotexada do DNI, resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.
- B) **Declaración xurada de non ter sido separado** mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en **inhabilitación** absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- C) **Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade** de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- D) Copia cotexada do **título de Arquitectura técnica** ou equivalente. Ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do título, cando aínda non se posúa fisicamente o mesmo.
- E) Copia cotexada da documentación acreditativa da posesión do Celga 4 ou validación ao mesmo nivel.
- F) Copia cotexada da documentación acreditativa dos **méritos alegados**, sinalados no baremo destas Bases (Base 11.1)
- G) De se-lo caso, certificación do grao de discapacidade.

9.- Admisión de aspirantes

Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias aprobarase a “**Relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos**”, con indicación se é o caso, dos motivos de exclusión, mediante Resolución da alcaldía, que se publicará no Taboleiro de Editos do Concello, na páxina web municipal e na sede electrónica municipal, no prazo máximo de **10 días hábiles** a partir do seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias, concedéndose un prazo de **3 días hábiles** para efectos de posibles reclamacións ou emenda de defectos nas solicitudes.

Logo de que transcorra o prazo de reclamacións e emendas (3 días hábiles), a alcaldía, por Resolución, aprobará a “**Relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos**” que será publicada no Taboleiro de Editos do Concello.

No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, entenderase esta coma definitiva; non sendo necesario que a alcaldía probe a dita relación definitiva por Resolución.

Simplemente publicarase no Taboleiro de Editos do Concello a “**Relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos**”.

Tódolos anuncios relativos a este procedemento de selección (agás a publicidade da convocatoria que se fará segundo o especificado no número 6 destas Bases) realizaranse no Taboleiro de Editos do Concello de Coristanco e na súa páxina web oficial (www.concellocoristanco.es)

10.- Tribunal de selección

10.1.- Composición do Tribunal: O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do EBEP.

A resolución de nomeamento será publicada no taboleiro de editos municipal, sede electrónica municipal e páxina web municipal.

10.2.- Publicidade da composición. Abstención e Recusación: A composición definitiva do Tribunal farase pública mediante anuncio no Taboleiro de Editos do Concello de Coristanco. Contra os nomeados poderán os aspirantes facer uso do dereito de recusación cando concorran as circunstancias establecidas na lei, de conformidade cos artigos 28 e 29 da LRXAP e PAC.

Do mesmo xeito, unha vez elevada a definitiva a “Relación de aspirantes admitidos e excluídos” dita relación será notificada individualmente a cada membro do Tribunal, a efectos de que preste declaración xurada de que nel non concorre ningunha das causas de abstención reguladas no artigo 28 da LRXAP e PAC. Dita declaración deberá incorporarse ao expediente con carácter previo á primeira sesión do Tribunal.

10.3.- Constitución do Tribunal e funcionamento: O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, sendo en todo caso obrigatoria a presenza do Presidente e do Secretario.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes Bases e poderá autorizar que se incorporen á sesións, con voz pero sen voto, persoal que asesore cando se requira para a axeitada cualificación dos aspirantes.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

10.4.- Vinculación da proposta do Tribunal: O alcalde debe resolver o procedemento de selección de acordo coa proposta de nomeamento do Tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co artigo 60.8 do EBEP, e co fin de asegurar a cobertura dos tres postos de traballo convocados, no caso de producirse a renuncia dun dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou da súa toma de posesión.

10.5.- Indemnizacións aos membros do Tribunal: Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as indemnizacións correspondentes cando as probas se desenvolvan integramente fóra da xornada de traballo habitual; todo elo de conformidade cos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

A tal efecto, unha vez coñecidos o número de aspirantes admitidos, o alcalde, mediante resolución, previo informe do negociado de nóminas, fixará para cada convocatoria o número máximo de asistencias que se poidan devindicar tendo en conta as sesións previsibles segundo o número de aspirantes, o tempo necesario para a elaboración de cuestionarios, a corrección de exercicios escritos e outros factores de tipo obxectivo.

11.- Proceso Selectivo

A selección dos tres empregados realizarase mediante o sistema de concurso.

11.1.- FASE DE CONCURSO. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 PUNTOS

A) Por posuír unha titulación superior á esixida na convocatoria:

- Grao en Arquitectura ou equivalente: 2 puntos

B) **FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:** Realización de cursos de formación e perfeccionamento en materias relacionadas coas tarefas das prazas convocadas impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismo da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por estos. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada. Puntuarase como máximo ata 2.5 puntos, conforme aos seguintes criterios:

Por cursos realizados cunha duración de 40 a 60 horas: 0,10 puntos.

Por cursos realizados cunha duración de 61 a 80 horas: 0,15 puntos.

Por cursos realizados cunha duración de 81 a 100 horas: 0,20 puntos.

Por cursos realizados cunha duración de 101 horas a 200 horas: 0,25 puntos.

Por cursos realizados cunha duración de 201 horas a 500 horas: 0,40 puntos.

Por cursos realizados cunha de máis de 501 horas: 0.75 puntos.

B) **EXPERIENCIA LABORAL:** Puntuación máxima: 5.5 puntos Puntuarase a experiencias nos postos de iguais características do seguinte xeito:

a) Valoraranse os servizos prestados como arquitecto técnico, tanto ó servizo de calquera das administracións públicas nas súas diversas modalidades (funcionario de carreira ou interino ou contratado laboral fixo ou temporal): 0,25 puntos por cada mes completo de servizo.

b) Valoraranse os servizos prestados como arquitecto técnico ma empresa privada: 0.025 puntos por cada mes completo de servizo.

En ambos casos non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días. Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente polos prestados a tempo parcial.

Acreditarase mediante certificación expedida pola administración correspondente na que se faga constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría e nome do posto de traballo e no seu caso as tarefas desvoltas ou ben polo certificado de empresa correspondente.

En concreto, para a valoración dos servizos prestados na empresa privada poderá aportarse unha vida laboral emitida pola da Seguridade Social, acompañada de contratos, nóminas ou calquera outro medio válido en dereito que especifique e aclare os traballados que se reflicten na vida laboral do traballador.

A) PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4) ou validación ao mesmo nivel, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega (oral ou escrita) dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas. Está proba será

cualificada como de apto ou non apto; sendo necesario obter a cualificación de apto para continuar no proceso selectivo.

12.- Resolución do proceso selectivo

Considérase que aprobaron as probas os aspirantes que obteñan maior puntuación e o seu número non poderá ser superior ao de postos de traballo convocados. Así, o Tribunal realizará unha **proposta de nomeamento** a favor do candidato que obtivera a maior puntuación. Esta proposta de nomeamento do Tribunal será obxecto de publicación no Taboleiro de Editos do Concello, na páxina web e na sede electrónica municipal.

13.- Criterios de desempate

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate, por esta orde: maior tempo de servizos prestados na administración pública, na empresa privada e maior puntuación na fase o concurso

14.- Nomeamento, presentación de documentación e formalización do contrato de traballo.

14.1.- Nos 5 días hábiles seguintes a aquel en que se faga pública a **proposta de nomeamento** do Tribunal, o alcalde mediante resolución **nomeará aos aspirantes propostos**. Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro de Editos do Concello e na páxina web oficial.

14.2.- Os candidatos nomeados deberán presentar, perante o concello, no prazo de 5 días hábiles dende que se faga público o seu **nomeamento** (mediante anuncio no Taboleiro de Editos na páxina web oficial) os documentos acreditativos do cumprimento da Base núm. 5, letra D): “posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto do traballo”, para o que deberán achegar un certificado médico. Polo tanto, a sinatura do contrato laboral e a incorporación ao posto de traballo, quedan supeditadas á presentación da dita documentación correctamente.

14.3.- De non presentarse a documentación no prazo indicado ou no caso de deducirse da documentación que o candidato seleccionado non reúne os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; senprexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidades nas súas solicitudes de participación. Neste suposto, o alcalde nomeará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación. Este nomeamento será publicado do mesmo xeito e concéderaselle ao novo candidato o prazo previsto no apartado anterior para presentar a documentación que nel se esixe.

14.4.- No suposto previsto no parágrafo anterior (que un aspirante nomeado non presente a documentación ou da documentación se deduza que non reúne os requisitos esixidos para desempeñar o posto) en relación coa súa inclusión na Bolsa de Emprego, procederáse de conformidade co previsto na Base 15.5

14.5.- En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, as persoas seleccionadas non terán dereito a prestación económica algunha.

15.- Bolsa de emprego.

15.1.- Nos 5 días hábiles seguintes a aquel en que se faga pública polo Tribunal a **orde final de puntuación dos aspirantes**, o Alcalde mediante resolución creará a **Bolsa de Emprego**. Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro de Editos do Concello e na páxina web oficial.

15.2.- A bolsa de emprego que estará formada por tódolos aspirantes que superaron a fase de oposición, ordenados de xeito decrecente; incluíndo o aspirante que resultou nomeado no proceso regulado nestas Bases.

15.3.- Esta Bolsa de Emprego utilizarase para a cobertura de prazas (con carácter interino ou a celebración doutros contratos laborais con carácter temporal) para as que se esixan os mesmos requisitos e se valoren os mesmos coñecementos que nas presentes bases. O mesmo sistema seguirase para suplir eventuais situacións de rexeitamento do aspirante que foi nomeado e efectivamente contratado neste proceso selectivo.

15.4.- No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Noia, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá o requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire o parágrafo seguinte ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

O requirimento pode ser notificado na forma prevista na lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao enderezo postal sinalado na instancia prevista na base 7 das presentes, e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificando, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nestas Bases.

Do mesmo xeito, o dito requirimento poderá ser realizado de forma telefónica, deixando dilixencia desta actuación un traballador funcionario do Concello.

15.5.- Se o aspirante renuncia a ocupar o posto, unha vez realizado o chamamento, este pasará ao último lugar da lista dos aspirantes que conforman a bolsa de emprego, salvo que acredite a existencia dun contrato laboral vixente como causa da súa renuncia.

15.6.- A duración desta Bolsa de Emprego estará limitada a un ano dende a súa publicación no Taboleiro de Editos. Queda condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa á contratación de persoal interino ou laboral temporal.

16.- Norma final.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei de Xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, contra os ditos actos administrativos poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa notificación ou publicación, previo ao contencioso-administrativo. Ou ben directamente, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Se interposto o recurso potestativo de reposición o mesmo fose desestimado, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses no xulgado contencioso-administrativo competente.

Coristanco, 16 de xullo de 2015